

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A ASOCIACION AMBILAMP E FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, PARA IMPLANTAR MECANISMOS QUE FACILITEN A RECOLLIDA SELECTIVA DE RAEE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta **FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA** formalizou o 11 de abril de 2024 coa **ASOCIACIÓN AMBILAMP**, o instrumento convencional arriba referido por unha duración máxima dende a súa sinatura de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Asociación Ambilamp para a recollida e almacenamento iniciais no lugar de recollida a desenvolver pola ENTIDADE e a entrega a AMBILAMP dos residuos RAEE

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída o 27 de decembro de 1999 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.



Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 2000/1.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

A Cidade da Cultura de Galicia é un polo cultural e tecnolóxico en cuxos establecementos ou instalacións xéranse RAEE incluídos nas categorías 3, 4 e/ou 5 do Anexo III do RD RAEE que poden ser posteriormente entregados a un Sistema Colectivo de Responsabilidade Ampliada do Produtor (en diante SCRAP) para o seu tratamento de acordo con a normativa vixente a través de xestores autorizados.

Pola súa banda, a Asociación AMBILAMP, é unha entidade asociativa sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro de Asociacións co número nacional 585706, con domicilio social en Madrid, cale Príncipe de Vergara 108 planta 11, 28002 e CIF G-84397959.

En cumprimento da Directiva 2012/19/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de xaneiro de 2003, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos e o Real Decreto 110/2015 do 20 de febreiro do mesmo nome, AMBILAMP, entre outras actividades, opera o Sistema Colectivo de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SCRAP) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos autorizado.



Que AMBILAMP atópase autorizada para a xestión das categorías 1, 2, 3, 4, 5 e 6 do Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, conforme á Resolución data 10 de xuño de 2020, emitida polo Director Xeral de Economía Circular da Consellería de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Sustentabilidade.

Que, de acordo con o artigo 41.1 do RD RAEE, os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor están obrigados a cumprir coas obrigacións que os produtores lles confiran e, entre outras, a relativa á organización da recollida dos residuos dos aparellos postos no mercado polos produtores.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

